

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 15 de setembro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para equipamentos destinados á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sostibles (código de procedemento PE209R).

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, sinala nos seus artigos 1 e 2 que esta lei ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, de, entre outras materias, a adopción de medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos mariños vivos, e que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos.

Así mesmo, o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, recolle no artigo 3, e dentro do antedito obxectivo político, que o FEMPA contribuirá á prioridade 1 da Unión Europea (UE), relativa a fomentar unha pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos. Dentro desta prioridade regúlase no artigo 14 o obxectivo específico 1.6 de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños. Incluída neste obxectivo específico está o tipo de actividade «1.6.1 Medidas de protección do medio mariño». Ademais, o apoio no marco FEMPA contribuirá á consecución dos obxectivos medioambientais e de mitigación do cambio climático.

Mediante a Decisión de execución da Comisión do 29 de novembro de 2022 aprobouse o programa para España do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura para o período 2021-2027, que inclúe as medidas que se desenvolverán para a consecución das prioridades e obxectivos do FEMPA en España mediante investimentos destinados a fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos.



O litoral galego conta cunha abundante relación de hábitats naturais diversos que acoñecen unha rica representación de flora e fauna. A elevada variedade tradúcese nunha importante diversidade biolóxica mariña. A rede de espazos naturais protexidos ocupa o 13 % do territorio de Galicia. En particular, a Rede Natura 2000 suma 59 zonas especiais de conservación (ZEC) e 16 zonas de especial protección de aves (ZEPA). Ademais destes espazos, existen zonas de especial interese marisqueiro caracterizadas pola súa alta sensibilidade e pola difícil recuperación do seu equilibrio físico e ecolóxico.

Nos espazos e zonas mencionados, a xestión sustentable dos recursos marisqueiros enmárcase en plans de explotación e xestión, en que se desenvolven medidas que melloran a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos. Porén, para garantir a viabilidade económica, social e ambiental do sector é preciso realizar actuacións dirixidas á conservación e á recuperación dos hábitats e da biodiversidade. Estas actuacións tamén contribúen a acadar os obxectivos da Directiva marco sobre estratexia mariña (DMEM), trasposta ao ordenamento xurídico español pola Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Durante o primeiro trimestre de 2026 produciuse un episodio de choivas torrenciais durante un longo período de tempo, o que provocou a afectación de moitos bancos marisqueiros polo descenso de salinidade, coa consecuente mortalidade de moluscos bivalvos.

O obxecto da presente orde é promover a adquisición de medios materiais para conseguir a recuperación e o correcto funcionamento destes espazos de interese pesqueiro e contribuír a unha mellor xestión e conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluídas as actividades destinadas á redución da contaminación física e química, as medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna ou as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para a reprodución dos organismos mariños.

Os investimentos realizados nos proxectos financiados por esta orde deben ser considerados non produtivos, ao se focalizar na protección e na recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, non xerar un valor para a empresa e non buscar un maior valor na prestación dos servizos. Os proxectos velan polo desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, evitando os riscos de producións excedentarias e de sobreexplotación, e as operacións caracterizaranse polo seu interese e beneficio colectivos.

Para lograr o adecuado desenvolvemento dos citados fins cómpre impulsar determinadas medidas que emprendan os coxestores dos recursos mariños mediante subvencións



coma as previstas na presente orde. Con estas axudas poderanse financiar medidas de interese público de maior alcance ca as medidas que emprenden normalmente e que contribúan á consecución dos obxectivos específicos en virtude da prioridade da Unión establecida no artigo 6, punto 1. As posibles beneficiarias das subvencións serán as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que sexan entidades titulares de plans marisqueiros en réxime de coexistión e teñan a sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa finalidade de acadar estes obxectivos dítase a presente orde, a través da cal se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, cofinanciados polo FEMPA, para equipamentos destinados á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.

Na súa virtude, e no uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, cofinanciados polo FEMPA, para a adquisición de equipamentos necesarios para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables (código de procedemento PE209R).

Artigo 2. *Marco normativo*

Para o outorgamento e execución destas axudas observarase o disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde, así como nas normas seguintes:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de



Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e á política de visados.

- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.

- Programa FEMPA aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022.

- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os regulamentos (UE) 1296/2013, (UE) 1301/2013, (UE) 1303/2013, (UE) 1304/2013, (UE) 1309/2013, (UE) 1316/2013, (UE) 223/2014 e (UE) 283/2014 e a Decisión 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) 966/2012.

- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.

CVE-DOG: q8mh6f6-irh9-kzr3-x1l5-gbsvipsodl3



- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Criterios de selección para a concesión de axudas do Programa do FEMPA (documento consolidado de xuño de 2023).
- Calquera outra norma da Unión Europea, ou normativa nacional ou autonómica, vixentes que poidan resultar de aplicación.

Artigo 3. *Financiamento*

1. As subvencións concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que, en cada un dos anos de vixencia do actual programa operativo FEMPA 2021-2027, sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dotadas con fondos do FEMPA (Prioridade 1 Fomentar unha pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos. OE1.6 Contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos. Tipo de actividade 1.6.1 Medidas de protección do medio mariño).

2. Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de catro millóns de euros (4.000.000 de €) na presente anualidade con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.723A.770.0, código de proxecto 2026 107, na cal existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O detalle da distribución do crédito é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Anualidade 2026	Total
16.03.723A.770.0	2026 107	4.000.000 de €	4.000.000 de €

3. Os importes consignados na convocatoria, así como as aplicacións ás cales se imputen, poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, respectando sempre



o disposto nos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

4. As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son o 70 % con fondos FEMPA e o 30 % con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas as seguintes entidades, sempre que teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Confrarías de pescadores.
- b) Organizacións de produtores pesqueiros.
- c) Entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector pesqueiro.
- d) Entidades sen ánimo de lucro integradas exclusivamente polas sinaladas na letra a).

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) As sinaladas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) As incursas nas circunstancias previstas no artigo 13, números 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- c) As que se atopen nalgún dos supostos establecidos nos apartados 1, letras a) e b), e 3 do artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021.
- d) As que non cumpran coas obrigas establecidas nos artigos 55 e 58, ou coas obrigas de constitución dos órganos reitores recollidas na sección 3ª do capítulo IX, do Decre-



to 8/2014, do 16 de xaneiro, que regula as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, tal e como sinala a disposición adicional segunda do propio decreto.

3. As entidades sinaladas no punto primeiro deste artigo poderán concorrer de xeito individual ou conxuntamente, como unha agrupación de entidades (proxecto conxunto). Neste último caso deberán facer constar expresamente na solicitude que compromisos lle corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que lle corresponderá a cada unha delas. En calquera caso, deberá nomearse unha entidade representante ou apoderada única da agrupación –que será unha das entidades que a constitúen– con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación. Os compromisos de participación conxunta, así como o nomeamento de entidade representante ou apoderada única, deberán ratificarse mediante documento outorgado ante o órgano de xestión, unha vez notificada a concesión da axuda.

4. No caso de incumprimento por parte dunha agrupación de entidades, consideraranse responsables todas as entidades beneficiarias integradas nela en relación coas actividades subvencionadas que se comprometeron a realizar, ou ben solidariamente cando non sexa posible determinar o alcance das obrigas correspondentes a cada unha delas.

5. A agrupación non se poderá disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo establece o artigo 8.3, parágrafo segundo, da propia lei.

Artigo 5. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias deberán:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión de subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, co cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na orde de convocatoria ou na demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.

b) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades para as que se solicita axuda, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.



c) Fornecer e actualizar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións concedidas, incluídos os datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa, para poder dar cumprimento ao artigo 42 do Regulamento (UE) 2021/1060 e ao artigo 46 do Regulamento (UE) 2021/1139, e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

d) Cumprir as condicións de admisión da solicitude establecidas nos puntos 1, letras a) e b), e 3 do artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139 durante todo o período de execución da operación, así como durante un período de cinco (5) anos despois da realización do pagamento final ao beneficiario.

En caso de incumprimento neste período recuperarase a axuda concedida, de conformidade co artigo 44 do Regulamento (UE) 2021/1139 e co artigo 103 do Regulamento (UE) 2021/1060.

En caso de se detectaren infraccións ou fraudes en controis posteriores á concesión da axuda, recuperarase a axuda concedida, de conformidade co Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (versión refundida).

e) Levar rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, de conformidade co artigo 74.1.a.i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e á política de visados, para o caso de reembolso de custos, consonte o artigo 53, punto 1, letra a) (custos reais).

f) Asegurarse de que todos os documentos xustificativos relacionados coas operacións que reciban axuda se conserven do xeito adecuado durante un prazo de cinco (5) anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o derradeiro pagamento ao beneficiario. Esta documentación deberase poñer á disposición do organismo concedente da axuda.



Os rexistros e os documentos conservaranse en forma de orixinais ou en forma de copias de orixinais, ou ben en soportes de datos comunmente aceptados, entre eles versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes só en versión electrónica. Cando existan versións electrónicas, non serán necesarios orixinais se os ditos documentos cumpren cos requisitos legais para poderen ser considerados equivalentes a orixinais e fiables para os efectos de auditoría.

g) Dar a coñecer a axuda prestada polos fondos á operación, de conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, para o cal:

1º. Se o beneficiario dispón de web e redes sociais, nestas aparecerá unha breve descrición da operación en relación co nivel de axuda e cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da UE.

2º. En documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación destinados ao público ou a participantes, incluírán unha declaración que destaque a axuda da UE.

3º. No caso de operacións que teñan un custo total superior a 100.000 €, instalarán placas ou valos publicitarios en lugares ben visibles ao público en que apareza o emblema da UE, de conformidade coas características técnicas que figuran no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060, tan pronto como comece a execución física da operación que implique investimento físico ou na cal se instalen equipamentos adquiridos.

4º. Para operacións non incluídas no punto 3º, exhibirán nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3, ou unha pantalla electrónica con información sobre a operación, destacando a axuda do FEMPA. Cando o/a beneficiario/a sexa unha persoa física, na medida do posible destacará a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

En calquera actuación incluírán, así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia.

O emblema da Unión empregarase, de conformidade co anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060, cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación.

h) Facer mención á orixe do financiamento e velar por darlle visibilidade, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139.



i) Conservar o rexistro documental e gráfico que avale o cumprimento das obrigas de comunicación e visibilidade, que estará á disposición das autoridades do programa e da Comisión Europea.

j) Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) Cumprir coa normativa comunitaria, nacional e rexional vixente segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.

l) Respetar a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. Ter en conta a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación. Evitar calquera discriminación por razón de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, e ter en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade, se for o caso.

m) Fornecer e actualizar a información relativa ao proxecto. Por iso, en consonancia co artigo 47 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, as entidades beneficiarias notificarán os valores dos indicadores de resultados pertinentes unha vez finalizada a operación e, todo o máis tarde, con ocasión da solicitude do derradeiro pagamento.

n) Colaborar coas distintas autoridades implicadas na xestión e no seguimento do FEMPA.

o) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

p) Acreditar, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

q) No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

r) No caso de subvencións de importe superior a 30.000 €, cando as entidades beneficiarias sexan persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con



ánimo de lucro e estean suxeitas á Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, acreditar o cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na citada lei, nos termos previstos no artigo 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e deberá presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente. Se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán ser requiridos ao interesado.

Artigo 6. *Proxectos obxecto de subvención*

1. Poderán ser obxecto de subvención, de conformidade con esta orde, os equipamentos para proxectos colectivos que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños.

Serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Adquisición de vehículos tractores para a realización de tarefas de rexeneración.
- b) Adquisición de elementos remolcadores para remoción e aradura en zonas de produción de moluscos.
- c) Motocultores ou elementos de aradura mecánicos.

2. Non serán obxecto de subvención aquelas adquisicións que non teñan unha xustificación da necesidade do seu uso en proxectos de rexeneración ou en proxectos que non sexan tecnicamente viables.



3. Non serán obxecto de subvención as accións que resulten financiáveis segundo outras liñas de axudas convocadas pola Consellería do Mar, nin os labores propios da actividade pesqueira ou marisqueira ordinarias nas zonas de actuación propostas no proxecto.

Artigo 7. *Gastos subvencionables*

1. Poderán concederse subvencións para os gastos de adquisición de equipos mecánicos tractores e de material necesario para desenvolver as accións de rexeneración nos bancos marisqueiros, sempre que sexan necesarios para a execución dos proxectos referidos no artigo anterior.

2. Os gastos subvencionables son os custos efectivamente asumidos pola entidade perceptora da subvención e que se axusten aos seguintes requisitos xerais:

- a) Que se efectuasen ao longo da duración da acción ou proxecto.
- b) Que fosen pagados pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e respondan de maneira indubidable á natureza da operación subvencionada.
- c) Que se consignasen no orzamento estimado total do proxecto.
- d) Que sexan necesarios para a execución das actuacións obxecto da subvención.
- e) Que sexan identificables e verificables, e en particular que consten na contabilidade do beneficiario e se inscribisen de acordo coas normas contables e de conformidade coas prácticas contables habituais do beneficiario en materia de gastos.
- f) Que cumpran co disposto na lexislación fiscal e social aplicable.
- g) Que sexan razoables e xustificados e cumpran co principio de boa xestión financeira, en especial no referente á economía e á relación custo/eficacia.

3. Consideraranse subvencionables os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026, sen prexuízo do que establezan as resolucións de concesión das axudas. Porén, as operacións non se seleccionarán para recibir axuda do FEMPA se concluíron materialmente ou se executaron integramente antes de que a entidade beneficiaria presente a solicitude da axuda; para estes efectos, será necesario elaborar unha acta de comprobación previa por parte dos servizos da Consellería do Mar, en caso



de investimentos materiais. A non realización de investimentos materiais con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda demostrarase mediante a data da factura correspondente. A elaboración da acta de comprobación previa en ningún caso implica dereito nin mérito para a concesión da axuda.

4. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores segundo o establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 do novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, á prestación do servizo ou á entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención, segundo establece o artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar canda a xustificación ou, se for o caso, canda a solicitude de subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e a dita elección deberase xustificar expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. No caso de adquisición de bens inventariables, as entidades beneficiarias deberán destinalos ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de dous anos, de conformidade co establecido no artigo 29.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de bens inscrites nun rexistro público, o período mínimo de destino será de cinco (5) anos.

Artigo 8. *Gastos non subvencionables*

Non serán subvencionables os gastos relativos a:

- a) Alugamentos.
- b) Adquisición de terreos e inmobles.
- c) Adquisición de material, mobiliario e equipamento de oficina.
- d) Adquisición de vestiario e equipamento persoal.



e) Aparellos e materiais de pesca e marisqueo.

f) Gastos de funcionamento, mantemento e conservación dos bens e equipamentos.

g) Gastos de manutención, desprazamento de persoas e representación.

h) Imposto sobre o valor engadido (IVE), excepto:

1º. Para as operacións cuxo custo total sexa inferior a 5 millóns de euros (IVE incluído).

2º. Para as operacións cuxo custo total sexa de, polo menos, 5 millóns de euros (IVE incluído), cando este non sexa recuperable consonte a lexislación nacional sobre o IVE.

i) Modernización ou acondicionamento de maquinaria, instalacións, locais, equipos, elementos auxiliares, ou calquera outro tipo de bens, comprendidos en proxectos de investimento cuxo financiamento se realizara con axudas públicas durante os cinco (5) anos inmediatamente anteriores á solicitude.

j) Custos indirectos.

k) Calquera gasto que, de acordo coa normativa aplicable, resulte ser non subvencionable.

Artigo 9. *Importes e intensidade da axuda*

1. A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100 % do investimento subvencionable en cada unha das accións, de acordo co previsto na presente orde e segundo o indicado no Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, no seu artigo 41. Non obstante, a intensidade da axuda estará condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias. Se o importe das solicitudes presentadas supera o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria, a intensidade da axuda poderase axustar a estas limitacións orzamentarias, respectando en todo caso os principios da concorrência competitiva.

A Comisión de Avaliación poderá limitar a contía dos gastos elixibles que considere non xustificadas debidamente no proxecto, tanto en canto ao seu número coma en canto á súa valoración ou á súa necesidade.



2. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida, e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

3. Manterase a axuda, pero minorarase na fase de pagamento se o investimento material realizado é, por causa debidamente motivada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, na mesma proporción.

4. O importe máximo subvencionable por proxecto será de 200.000 € (sen IVE).

Artigo 10. *Compatibilidade da axuda*

1. As axudas recollidas nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda, subvención ou recurso público e privado sempre que o mesmo gasto ou investimento non teñan financiamento parcial ou total procedente doutro fondo EIE ou instrumento financeiro comunitario, nin do mesmo fondo conforme un programa ou medida diferentes, e, ademais, que o importe acumulado das axudas non exceda o custo da actividade subvencionada.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os referidos límites, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

Artigo 11. *Prazos de presentación de solicitudes, de resolución e de execución*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Enténdese como último día do prazo o correspondente ao mesmo día cardinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, enténdese que o prazo expira o último día de mes. No caso de que o último día sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. A resolución de concesión emitírase e notificaráselles aos interesados no prazo máximo de dous (2) meses desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución dará lugar a que os interesados poidan entender desacollida a súa solicitude por silencio administrativo.

3. De non se esgotar o crédito orzamentario, ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de outorgamento ou de dotacións orzamentarias adicionais, poderase emitir unha nova proposta de resolución, na



cal se terán en conta as solicitudes que formen parte da lista de reserva a que se refire o artigo 21.2 desta orde.

4. Nesta convocatoria considéranse subvencionables os gastos realizados e facturados dentro do período de execución, sempre que se xustifique o seu pagamento nos prazos e consoante o sinalado no artigo 26. O prazo máximo de execución será ata o 30 de novembro de 2026.

5. Cada entidade solicitante non poderá presentar máis dunha solicitude; de presentar máis dunha, só se terá en conta a primeira segundo a orde de entrada no Rexistro da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Forma de presentación de solicitudes e declaracións responsables*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que o emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fora realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Forma parte de cada solicitude a declaración responsable que esta contén e na cal se fan constar os seguintes aspectos:

a) Que cumpre os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos nos puntos 1, letras a) e b), e 3 do artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, é dicir:

1º. Que non cometeu infracción grave consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) 1005/2008, do 29 de setembro, ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) 1224/2009, do 20 de novembro.



2º. Que non estivo involucrada na explotación, xestión ou propiedade de buques pesqueiros incluídos na lista de buques INDNR da Unión a que fai referencia o artigo 40.3 do Regulamento (CE) 1005/2008, do 29 de setembro, ou de buques que enarboren pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes, segundo se establece no seu artigo 33.

3º. Que non cometeu infraccións graves da política pesqueira común (PPC).

